



Resolución do 20 de xullo de 2023 pola que se aproba relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección para a cobertura dun posto de persoal directivo (subdirector/a de Mobilidade de Terras) convocado pola resolución de 25 de maio de 2023 (DOG nº 107 do 07/06/2023)

De conformidade co establecido no punto oitavo das bases da convocatoria que rexe o procedemento de selección convocado por Resolución do 25 de maio de 2023 (DOG 107 do 7/06/2023) pola que se convoca un posto de persoal directivo, e de conformidade co Regulamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobado polo Decreto 79/2001 do 6 de abril (DOG 77 do 20/04/2001) esta dirección xeral, e

Transcorrido o prazo que se establece na convocatoria para presentar as correspondentes alegacións, esta Dirección,

RESOLVE:

Elevar a definitiva a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as para a cobertura do posto de subdirector/a de Mobilidade de Terras.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a Presidencia da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de conformidade co establecido no artigo 121 e seguintes da Le 39/2015m do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral
Inés Santé Riveira





ANEXO

RELACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS

Ano da convocatoria: 2023

Posto: subdirector/a de Mobilidade de Terras

Publicación da convocatoria: DOG 107 do 7 de xuño de 2023

APELIDOS	NOME	D.N.I.
López Campos	Digna Irene	*****245M

(*) *Números ocultos parcialmente por protección de datos*

RELACIÓN DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS/AS

APELIDOS	NOME	D.N.I.
Rodríguez Rodríguez	Carlos Alberto	*****144N

Motivo

Documentación obrigatoria fora do prazo establecido na base quinta apartado 6.

Non presentou a declaración responsable de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nin o Plan de Actuación (base sexta apartados a) e f), respectivamente).

Aínda que se presentou a documentación con posterioridade non pode considerarse unha emenda.

(*) *Números ocultos parcialmente por protección de datos*

